

# TROFEO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE ORIENTACIÓN

Monte Pedroso – 3 de novembro de 2012

## BOLETÍN INFORMATIVO

### LUGAR DE CONCENTRACIÓN, SAÍDAS E META

Granxa do Xesto (Santiago de Compostela)

### HORARIO

- 9:30 h.: Apertura da secretaría.
- 10:30 h.: Saída dos primeiros corredores.
- 13:00 h.: Correlín.
- 13:45 h.: Peche de meta.

### MAPA

- Monte Pedroso
- Escala: 1: 10000 (HE/H35/H21A) e 1:7500 (resto das categorías)
- Equidistancia: 5 m.

Zona de bosque atlántico de perfecta penetrabilidade con áreas abertas que mesturan a matogueira que dificultan e/ou impiden a carreira con plantacións recentes de excelente visibilidade e facilidade de carreira. A rede de camiños é extensa. Existen detalles de roca en diferentes zonas do mapa e diversas construcións humanas. Nalgunhas zonas o desnivel é moderado.

### CATEGORÍAS E DISTANCIAS

Haberá un percorrido diferente para cada unha das categorías (excepto H21B/ H20, D35/D20, H/D16 e H/D14). A carreira será de distancia media (30' o primeiro/a) en todas as categorías excepto H-E, H21A e H-35, que será de distancia longa (70' os primeiros). Os trazados intentan evitar as zonas de vexetación que impiden a carreira (aínda así pode ser recomendable usar pantalón e camisola longos). Nalgunhas zonas hai concentración de balizas polo que se fai imprescindible comprobar que o número de control se corresponde co teu percorrido.

## **INSCRICIÓN**

**Data límite:** Martes 30 de OUTUBRO, 22 h

### **TODAS AS CATEGORÍAS CORRERÁN CON S-IDENT**

**COTAS:** (+ 3 € de SportIdent, se é alugada)

**FEDERADOS:** 3 €.

**NON FEDERADOS** (inclúe licencia-seguro federativo dun só día):

a)INI CORTA: 5 €.

b)INI LONGA: 6 €.

c)EN PERCORRIDO OFICIAL: 8 €

**a)CLUBES AGaCO:** INTRANET ([www.agaco.es/intranet](http://www.agaco.es/intranet))

**b)INDEPENDENTES:**

**Opción 1:** Rexistrarse como usuario en [www.agaco.es/intranet](http://www.agaco.es/intranet) e inscribirse na sección eventos en “LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2012: PROBA Nº 10. SANTIAGO”.

**Opción 2:** enviar a [orientacionusc@gmail.com](mailto:orientacionusc@gmail.com)

NOME+APELLIDOS

DNI

DATA DE NACEMENTO

PERCORRIDO (INI-curta / INI-longa / nº de percorrido oficial: 4, 5, 6 ou 7)

Nº SPORTIDENT

Os ingresos de “inscricións+aluguer S-Ident” serán por ingreso na conta:

**2080 0388 27 3110001949** (Caixa Galicia)

**CONCEPTO:** ORI SANTIAGO + nome do clube (ou nome do participante non federado)


Enviar o xustificante de ingreso a [orientacionusc@gmail.com](mailto:orientacionusc@gmail.com)

## **CÓMO CHEGAR Á ZONA DE COMPETICIÓN**

- Estará sinalizado dende o cruce da Rúa das Galeras coa Costa de Santa Isabel (ao lado do Campo de Fútbol de Santa Isabel).
- Dende o sur ou norte pola AP-9 saídas NORTE / SUR. Dirixirse á zona oeste da cidade.
- Accédese dende a Rúa das Galeras.
- No semáforo situado no cruce da Rúa das Galeras e Costa de Santa Isabel coller dirección Casas Novas.
- O Monte Pedroso é visible dende esa parte da cidade.
- Continuar a rúa de Casas Novas 1`2 kms. ata a Granxa do Xesto. O coche haberá que aparcalo na parte dereita da pista que une Casas Novas (500/800m. da Zona de Concentración) coa Granxa do Xesto. Os aparcamentos na Granxa do Xesto non están permitidos aos participantes que se despracen no seu coche particular. Os autocares poderán aparcar na rotonda da Granxa do Xesto, no espazo habilitado para elo.

- A rotonda onde remata a pista de aparcamento do punto anterior está indicada no seguinte enlace:

<https://www.google.es/maps?daddr=42.894234,-8.55919&hl=es&ll=42.891718,-8.559723&spn=0.023738,0.038581&sll=42.89351,-8.559873&sspn=0.011869,0.01929&t=h&mra=mift&mrsp=1&sz=16&z=15>



## INFORMACIÓN ECOLÓXICAMENTE MOI IMPORTANTE


- <sup>35</sup><sub>17</sub> A zona de competición é un espazo natural de importancia para a cidade. Por elo, está **terminantemente prohibido** atravesar as zonas indicadas no mapa como **prohibidas**. O incumprimento desta norma supón a DESCALIFICACIÓN inmediata do participante.
- <sup>35</sup><sub>17</sub> **Tirar ao chan desperdicios non orgánicos antes, durante ou despois da competición** en toda a área de competición (saída, chegada, aparcamento ou mapa) supón a descalificación do corredor/a.

**ORGANIZA:**



SERVIZO DE DEPORTES

**COLABORA:**



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**